

O Espazo Europeo de Educación Superior

Obxectivos Conseguidos

*Comunicado da Conferencia de Ministros responsables de Educación Superior
Bergen, 19-20 de Maio 2005*

Nós, Ministros responsables da Educación Superior dos países participantes no Proceso de Boloña, tivemos unha reunión para revisar e actualizar as metas e prioridades de cara ao 2010. Nesta conferencia, damos a benvida a Armenia, Azerbaijan, Georgia, Moldova e Ucraia como novos países participantes no proceso de Boloña. Puxemos en común a comprensión dos principios, obxectivos e acordos do proceso como se recolleu na declaración de Boloña e nos posteriores comunicados das Conferencias Ministeriais de Praga e Berlín. Confirmamos o noso compromiso de coordinar as nosas políticas a través do proceso de Boloña para establecer o Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) no 2010, e comprometemosnos a axudar aos novos países participantes a implantar as metas do proceso.

I. Axentes

Subliñamos o papel central das institucións de Educación Superior, do seu persoal e estudantes como axentes do proceso de Boloña. O seu papel na implantación do proceso convértese no máis importante, agora que as reformas lexislativas están en marcha, e os animamos a continuar e intensificar os seus esforzos para establecer o EEES. Dámoslle a benvida ao claro compromiso das institucións europeas de Educación Superior con respecto ao Proceso, e recoñecemos que se necesita tempo para optimizar o impacto do cambio estrutural a nivel curricular e así asegurar a introducción de procesos de ensinanza-aprendizaxe innovadores que Europa necesita.

Dámoslle a benvida ao apoio das organizacións que representan aos axentes sociais e económicos e miramos cara á intensificación da cooperación para acadar as metas do proceso de Boloña. Máis aló, dámoslle a benvida ás contribucións das institucións e organizacións internacionais que son socios do Proceso.

II. Seguimento

Tomamos nota do significativo progreso realizado como amosa o [Informe Xeral 2003-2005 do grupo de seguimento](#), no informe da EUA [Trends IV](#) e no informe do ESIB [Boloña cos ollos dos Estudiantes](#).

No noso encontro en Berlín, preguntamos ao grupo de seguimento polo progreso realizado centrándonos en tres prioridades -o sistema de graos, o seguimento da calidade e o recoñecemento de graos e períodos de estudo. No informe notamos un progreso substancial realizado nestas tres áreas prioritarias. Será importante asegurar que o proceso é consistente en todos os países participantes. Entendemos como necesario compartir a experiencia para capacitar a nivel institucional e de goberno os países participantes

O sistema de tres graos

Vemos con satisfacción que o sistema de dous ciclos está a ser implantado a gran escala, con máis da metade dos estudantes implicados na maioría dos países. Sen embargo,

existen aínda obstáculos de acceso entre os ciclos. Ademais, existe a necesidade dun diálogo productivo, que involucre aos gobernos, as institucións e aos axentes sociais para aumentar a empregabilidade dos graduados con cualificacións de bachelor, incluídos nos rexistros adecuados dentro dos servizos públicos.

Adoptamos o sistema de referencia para as cualificacións do EEES, que comprende tres ciclos (incluíndo, en concordancia co contexto nacional, a posibilidade de cualificacións intermedias), de forma xenérica, as descrições para cada ciclo, baseadas en resultados da aprendizaxe e competencias, e o rango de créditos do primeiro e segundo ciclo. Comprometémonos a elaborar un traballo de referencia para as cualificacións compatible co sistema de cualificacións do EEES para o 2010, e a empezar este traballo no 2007. Instamos ao grupo de seguimento a recoller o proceso de avance e desenvolvemento futuro deste sistema de referencia.

Subliñamos a importancia de asegurar a complementariedade entre a estrutura que serve de base o EEES e a proposta de cualificacións para a aprendizaxe continua para coordinar a educación xeral e a formación profesional, tal e como se veu desenvolvendo na Unión Europea así como nos países participantes. Pedimos á Comisión Europea que consulte a todos os implicados no Proceso de Boloña para traballar nesta liña.

Garantía de Calidade

Case todos os países teñen realizado esforzos relacionados con sistemas para garantir a calidade baseados en criterios demarcados no comunicado de Berlín cun alto grao de cooperación e traballo en rede.

Sen embargo, existen progresos por realizar, en particular na consideración da implicación dos estudantes e a cooperación internacional. Ademais, instamos ás institucións de Educación Superior a continuar os seus esforzos por mellorar a calidade das súas actividades a través da introducción sistemática de mecanismos internos e externos para a mellora da calidade.

Adoptamos os estándares e as guías para a calidade do Espazo Europeo de Educación Superior tal e como propón a [ENQA](#). Comprometémonos a introducir o modelo proposto para a revisión entre axencias de calidade nacionais nos seus sistemas básicos, respectando os criterios e guías comunmente aceptados.

Pedimos que, as cuestións prácticas, implantación e futuro desenvolvemento sexa desenvolvido pola [ENQA](#) en cooperación coa [EUA](#), [EURASE](#) e [ESIB](#) co seu correspondente informe do grupo de seguimento. Subliñamos a importancia da cooperación nacional entre axencias recoñecidas para mellorar o recoñecemento mutuo das acreditacións ou nas decisións de cara garantir a calidade.

Recoñecemento de graos e períodos de estudos

Anotamos que 36 dos 45 países participantes ratificaron a [Convención de Lisboa](#). Instamos a aqueles que aínda non ratificaron a convención que, con premura, a ratifiquen. Comprometémonos a asegurar a completa implantación dos seus principios e a incorporala na lexislación nacional de forma apropiada. Facemos un chamamento para que todos os países participantes remitan os problemas de recoñecemento identificados ás redes de traballo [ENIC/NARDIC](#). Construiremos plans nacionais de acción para mellorar a calidade do procesos asociados co recoñecemento de cualificacións

estranxeiras. Estes plans formarán parte de cada informe nacional na próxima conferencia de Ministros. Explicitamente apoiaremos os textos secundarios de recoñecemento da Convención de Lisboa e reclamaremos ás autoridades nacionais e outros implicados que recoñezan, de forma conxunta os graos que estean recoñecidos en 2 ou máis países do EEES.

Vemos o desenvolvemento de referentes nacionais e europeos de cualificacións como unha oportunidade para a futura construción da “aprendizaxe ao longo da vida” na Educación Superior. Traballaremos coas institucións europeas para mellorar o recoñecemento das aprendizaxes previas que se acadaran en estudos formais ou informais, tanto para o acceso ós estudos de Educación Superior como formando parte de eles.

III Futuros cambios e Prioridades

Educación Superior e investigación

Subliñamos a importancia da educación superior na crecente investigación e na importancia da Investigación no apuntalamento da Educación Superior para o desenvolvemento económico e cultural das nosas sociedades e para a cohesión social. Comprendemos que os esforzos por introducir cambios estruturais e mellorar a calidade do ensino, non deben mermar os esforzos por consolidar a investigación e a innovación. Ademais enfatizamos a importancia da investigación e a formación para a investigación no mantemento e mellora da calidade e o incremento da competitividade e o atractivo do Espazo Europeo de Educación Superior. Coa vista posta en conseguir mellores resultados recoñecemos a necesidade de mellorar a sinérxia entre a Educación Superior no Espazo Europeo de Educación Superior e no [Espazo Europeo de Investigación](#).

Para conseguir estes obxectivos, o nivel de cualificación de doutorado necesita ser alineado co sistema de cualificación do Espazo Europeo de Educación Superior, empregando o planteamento de resultados da aprendizaxe. O compoñente central da formación de doutorado é avanzar no coñecemento a través da investigación orixinal. Considerando a necesidade de programas de doutorado estruturados e a necesidade de supervisión transparente e avaliación, entendemos que a cantidade de traballo do terceiro ciclo na maioría dos países corresponderá con 3-4 anos a tempo completo. Instamos ás universidades a asegurar que os seus programas de doutorado potencian a formación interdisciplinar e o desenvolvemento de habilidades transferibles, así como o achegamento ás necesidades do mercado laboral. Necesitamos aumentar globalmente o número de candidatos ao programa de doutoramento. Consideramos que os participantes nos programas de terceiro ciclo son tanto estudantes así como investigadores. Encargamos ao grupo de seguimento coa implicación da EUA, a ter xuntanzas con outros implicados interesados e a preparar un informe cos principios básicos para os programas de doutorado para ser presentado ós ministros en 2007. Débese evitar a regulación excesiva dos programas de doutorado.

A dimensión Social

A dimensión social do proceso de Boloña é unha parte constitutiva do EEES e unha condición necesaria para potenciar o atractivo e a competitividade do EEES. Tamén reafirmamos o noso compromiso de facer da calidade do Ensino Superior igualmente

accesible para todos, e reafirmamos a necesidade de ofrecer ás condicións apropiadas para os estudantes para completar os seus estudos sen os obstáculos provocados pola súa situación social e económica. A dimensión social inclúe medidas tomadas polos gobernos para axudar aos estudantes, especialmente aos grupos desfavorecidos, en aspectos financeiros e económicos e provevelos con guías e servizos de asesoramento coa vista posta no acceso total.

Mobilidade

Recoñecemos que a mobilidade dos estudantes e o persoal a través de todos os países remite a un dos obxectivos clave do proceso de Boloña. Conscientes de que os cambios que hai que superar, confirmamos o noso compromiso para facilitar a portabilidade das subvencións e préstamos onde sexan necesarias para aunar accións coa vista posta en facer da mobilidade no EEES unha realidade.

O atractivo do EEES e a cooperación con outras partes do mundo

O Espazo Europeo de Educación superior debe ser aberto e atractivo para outras partes do mundo. A nosa contribución para conseguir unha educación para todos, debe basearse no principio de desenvolvemento sostible e, en concordancia co desenvolvemento de liñas de acción internacionais para a calidade na Educación Superior. Reiteramos que na cooperación académica internacional, debe prevalecer o valor académico.

Vemos no Espazo Europeo de Educación Superior un socio do Sistema de Educación Superior noutras rexións do mundo, estimulando o intercambio e cooperación equilibrado de estudantes e persoal entre institucións de Educación Superior. Subliñamos a importancia do entendemento e respecto intercultural. Buscamos aumentar o entendemento do proceso de Boloña noutros continentes compartindo as nosas experiencias en procesos de reforma coas rexións veciñas. Destacamos a necesidade do diálogo en cuestións consideradas de interese mutuo.

Vemos a necesidade de identificar rexións socias e intensificar as ideas e experiencias con estas rexións. Encomendamos ao grupo de seguimento a facer e consensuar unha estratexia para a dimensión externa do proceso.

IV. Preparando o seguimento para o 2007

Encargámoslle ao Grupo de Seguimento que faga un seguimento continuo e en profundidade do proceso e unha planificación de cara á próxima Conferencia Ministerial. Esperamos que o seguimento teña como base unha metodoloxía apropiada e que se centre no ámbito do sistema de graos, na garantía da calidade e no recoñecemento dos períodos de estudo; e polo 2007 teremos completa a implantación desas tres prioridades intermedias.

En particular, prestaremos atención ao progreso en:

- A implantación dos estándares e guías para garantir a calidade como se propón no [informe da ENQA](#);
- Implantación das estruturas nacionais de cualificacións;
- A concesión e recoñecemento de graos compartidos, incluíndo o nivel de doutoramento;

- A creación de oportunidades para a apertura de vías para aprendizaxe flexible en Educación Superior, incluíndo procedementos para o recoñecemento das aprendizaxes previas.

Encargámoslle tamén ao grupo de seguimento a presentación de datos comparativos sobre a mobilidade do persoal e dos estudantes así como da situación social e económica dos estudantes dos países participantes como base para futuros seguimentos e informes para a próxima conferencia ministerial. O futuro seguimento terá en consideración a dimensión social como se indicou.

V. Preparación para o 2010

No proceso de construción do Proceso de Boloña, desexamos establecer un Espazo Europeo de Educación Superior “European Higher Education Area” (EEES) baseado nos principios de calidade e transparencia. Debemos conservar a nosa rica herdanza e diversidade cultural na contribución da sociedade do coñecemento. Comprometémonos a manter o principio de responsabilidade pública para a Educación Superior no complexo contexto das sociedades modernas. Na medida en que a Educación Superior está situada na encrucillada da investigación, educación e innovación, é tamén a chave da competitividade europea. A medida que nos achegamos ao 2010, comprometémonos para asegurar que as institucións de Educación Superior disfrutan da autonomía necesaria para implantar as reformas necesarias, e recoñecemos a necesidade para o financiamento sostible das institucións.

O Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) estrutúrase en torno a tres ciclos, nos que cada nivel ten a función de preparar ao estudante para o mercado laboral, para a adquisición de novas competencias e para a participación activa como cidadán. O marco global para as cualificacións, o conxunto de acordos sobre os estándares europeos e guías para a mellora da calidade e para o recoñecemento dos graos e períodos de estudo son outras das características chave da estrutura do EEES.

Aprobamos a estrutura de seguimento de Berlín, coa inclusión da [Education International \(EI\) Pan-European Structure](#), a [European Association for Quality Assurance in Higher Education \(ENQA\)](#), e a [Union of Industrial and Employers Confederations of Europe UNICE](#) como novos membros consultivos do grupo de seguimento.

Na medida en que o Proceso de Boloña lidera o establecemento do EEES, temos que ter en conta a necesidade de acadar os acordos necesarios para apoiar o desenvolvemento continuado máis aló do 2010 e pedirémolles ao grupo de seguimento que explore estas cuestións.

Teremos a próxima Conferencia de Ministros en Londres no 2007

No Proceso de Boloña participan 45 países e son membros do grupo de seguimento: Albania, Andorra, Armenia, Austria, Azerbaijan, Belxica (Flemish Community and French Community), Bosnia Herzegovina, Bulgaria, Croacia, Chipre, A República Checa, Dinamarca, Estonia, Finlandia, Francia, Xeorxia, Alemaña, Grecia, the Holy See, Hungría, Islandia, Irlanda, Italia, Letonia, Liechtenstein, Lituania, Luxemburgo, Malta, Moldavia, Holanda, Polonia, Portugal, Rumanía, a Federación Rusa, Serbia e Montenegro, República Eslovaca, Eslovenia, España, Suecia, Suiza, "República de Yugoslavia e Republica de Macedonia", Turquía, Ucraña e o Reino Unido. Ademais a [Comisión Europea](#) é un membro con dereito a voto do grupo de seguimento.

O [Consello Europeo](#), as [National Unions of Students in Europe \(ESIB\)](#), o [Education International \(EI\) Pan-European Structure](#), a [European Association for Quality Assurance in Higher Education \(ENQA\)](#), a [European University Association \(EUA\)](#), a [European Association of Institutions in Higher Education \(EURASHE\)](#), o [European Centre for Higher Education \(UNESCO-CEPES\)](#) e a [Union of Industrial and Employers' Confederations of Europe \(UNICE\)](#) son membros consultivos do grupo de Seguimento.